

# *A recuperación da topoantroponimia e a perda de referentes culturais para a mocidade*

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO

## 1. A IMPORTANCIA DA TOPONIMIA

Unha boa parte dos nomes de lugares da Península Ibérica, se cadra máis da metade, están localizados na Gallaecia histórica, que incluía a Galiza actual, as partes máis occidentais das provincias limítrofes e o norte de Portugal. A relación das persoas co medio móstrase moi estreita no territorio galego, pois os nosos antepasados adoitaron nomear todo aquilo que os rodeaba (leiras, montes, outeiros, vales, mesmo penas, furnas ou cantís) para o integraren na súa vida cotiá. A vinculación afectiva das persoas galegas co medio natural fica patente no poema de Rosalía Castro (1863: 57) que comeza co verso «Adios ríos, adios fontes» e que contén outros como:

*Miña terra, miña terra,  
Terra donde m'eu criei,  
Ortiña que quero tanto,  
Figueiriñas que prantey.  
Prados, ríos, arboredas,  
Pinares que move ó vento*

Eses ríos, regatos, prados ou fontes teñen todos un nome concreto e con el van ser lembrados tamén polos emigrantes, como no caso do poema rosaliano. Os topónimos sinalan o territorio, marcan límites e dannos a posesión da terra, mostrando a harmonía entre a paisaxe e a paisanaxe, entre o elemento físico e o elemento humano. Forman parte, pois, do ecosistema. Deturpamos a nosa toponimia é unha forma de rompermos o equili-

brio medioambiental: *Costa do Sal* vs. *\*Cuesta de la Sal*, *Terra Chá* vs. *\*Tierra Llana*, *Arteixo* vs. *\*Arteijo* etc. Sería minimamente ecolóxica unha Galiza de *La Coruña*, *La Silva*, *La Peroja*, *La Puebla*, *Puentearreas*, *Sanjenjo* etc.? Resulta ética e esteticamente tolerábel lermos aínda hoxe en *El Correo Gallego* de Compostela (véxase, por exemplo, a sección de anuncios de 11-11-2004) que se venden pisos na rúa *El Pejigo* (POSTICU>Poxigo) ou en *La Puente Pedriña* (sic)? Un país capaz destes atentados á ecoloxía lingüística será quen de preservar o seu patrimonio histórico? O ‘feísmo’ semella ser a resposta, pois quen contribúe a destruír as formas toponímicas tradicionais está a contribuír tamén á destrución do patrimonio colectivo, que pode ser material e inmaterial. Xa Castelao comparara a monstruosidade que suporía a destrución da Catedral de Santiago coa perda do idioma galego, atentado moito maior aínda contra o patrimonio, pois unha lingua é un monumento construído por todo o pobo durante todo o tempo; e os topónimos son tamén unha parte do noso patrimonio lingüístico. Así mesmo, a experiencia próxima demostranos que aqueles que están dispostos a deixaren perder a toponimia tradicional, como está a acontecer na cidade da Coruña, tampouco achan inconveniente en derrubaren o Asilo de Adelaida Muro e a Casa do Cura, ou en deixaren caer os edificios da Cidade Vella.

Tanto a macrotoponimia como a microtoponimia fan parte fundamental da nosa cultura e en moitos casos transmítennos informacións relevantes sobre a vida, os costumes, as crenzas etc. de épocas pasadas, contribuíndo á explicación da nosa historia e das nosas raíces. A súa preservación, uso e estudo resultan, por tanto, importantes para comprendermos e podermos explicarnos quen somos e de onde vivimos. Así, un topónimo como *Lobeira* indicaranos un sitio abundante en lobos, *Fonsagrada* deixa translucir a existencia dunha fonte que a crenza popular consideraría sagrada etc. Perdermos a toponimia tradicional sería como perdermos a nosa memoria histórica ou como borrar os datos (nome do pai e da nai, lugar de nacemento etc.) do noso billete de identidade colectivo.

Así pois, se deixarmos perder os nomes tradicionais das nosas aldeas, vilas e cidades estaremos a destruír a nosa propia historia e os referentes culturais da mocidade. Que lles diría a esta un *\*Villanueva de Arosa*, *\*Santa Eugenia de Ribera*, *\*Vivero*, *\*Jove*, *\*Mellid* etc.? Que se gaña con estas falsificacións históricas? Máis ben nada. E, polo contrario, pérdense os nosos referentes e ficamos desubicados ou deslocalizados, como está a acontecer actualmente coas empresas. Son precisamente os mozos e mozas galegos ‘deslocalizados’ lingüística e culturalmente os que teñen de ir procurar traballo noutros lugares. Porén, adoita acontecer que os que se achan ben ubicados neses ámbitos, isto é, as persoas novas que viven en sociedades que defenden o seu patrimonio histórico material e inmaterial, a súa lingua particularmente (caso de Catalunya ou Euscadi), tamén adoitan encontrar emprego na súa terra, sen necesidade de emigraren. A observación da realidade demostranos que os pobos que mellor preservan o seu patrimonio cultural e artístico son tamén os que máis coidado poñen na preservación da súa toponimia tradicional e os que conseguen finalmente unha maior calidade de vida. Temos outros exemplos por Europa e mesmo a escala local aquí ao lado, en Oleiros ou en Allariz, por exemplo.

A Galiza, aínda que pequena en extensión territorial, posúe unha grande riqueza toponímica que forma parte do seu patrimonio cultural; unha parte dela, especialmente a microtoponimia, estase a perder (como é o caso da zona coruñesa de Elviña e A Zapateira, onde hoxe os nomes oficiais das rúas son *Nueva York*, *Frankfurt*, *Bruselas*, en castelán, por suposto, a substituíren denominacións tradicionais), a pesar de que existen concellos que están empeñados na súa recuperación e conservación (o mesmo Oleiros, por exemplo). Que referentes culturais vai ter un mozo coruñés nado na zona da Zapateira, que se pode chamar *Juan Otero de la Fuente* (cando os seus antepasados eran *Outeiro da Fonte*), que vive na calle/rúa *Belgrado* (antes *Augaceiros*, por exemplo) dunha cidade chamada *La Coruña*? E se naceu na avenida *General Sanjurjo*, traballa no hospital *Juan Canalejo* e vive nos *Cantones de José Antonio* ou na rúa *Cabo Santiago Gómez*? Son estes os referentes que debemos transmitir ás novas xeracións? Dísenos que tales nomes non se deben eliminar do rueiro para non borraros a historia, mais si se poden alterar ou suprimir directamente outros como *Rego de Auga*, *Campo da Leña*, *Praza da Fariña* etc. que representan a verdadeira historia da cidade coruñesa.

Os documentos de reparto das herdanzas (as partillas), a pesar de estaren redixidos en castelán, aínda conservan maioritariamente os nomes auténticos, pois doutra forma non serían facilmente recoñecíbeis (*Agra d'Abaixo*, *Leira do Río*, *Chousa da Fonte* etc.). Semella que só se preserva o galego en caso de extrema necesidade. Un labor importante que todos os concellos, grandes ou pequenos, da Galiza deberían realizar, co impulso e a axuda do goberno galego, sería recoller e preservaren, antes de que sexa tarde, toda esa inmensa cantidade de topónimos menores. Un exemplo concreto da riqueza topoantroponímica existente por todo o país dánnolo os descendentes galegos do latín IOHANNES (Boullón Agrelo 1996): o prenome *Xoán*, os patronímicos *Eanes*, *Anes* ou *Ianes*, e os topónimos *Seoane* (e *Sevane do Courel*), *Seivane* e *Xoane*. E outros moitos étimos latinos que espallaron fillos por todo o país, para alén doutros máis de orixe prerromana de que aínda ignoramos case todo e que están a agardar por estudos rigorosos.

En resumo, os nosos topónimos tradicionais, non os deturpados nin os introducidos polo franquismo, preservan a nosa identidade e ao mesmo tempo actúan como referentes dun pasado e dun presente que nos permite vivir en harmonía coa natureza. Véxanse, senón, estes versos de Uxío Novoneyra (1985: 22), onde ecoa a voz cósmica do Courel en comuñón co poeta, pois tamén a toponimia forma parte do seu propio ser:

*Eu son esto que vexo e que me vei:*

.....  
*Cebreiro! Faro! Iribio! Cervantes!*

*Ancares!*

*Capeloso!*

*Montouto! Rebolo!*

*Cumes mouros do Courel!*

*Serras longas*

*de Oencia e Val di Orras!*

Pura evocación toponímica convertida en poesía. Preservarmos estes e outros topónimos courelaos é tan importante como conservarmos a riqueza da flora e da fauna e toda a maxestosidade paisaxística do Courel. E isto vale para toda a Galiza.

## 2. A IMPORTANCIA DA ANTROPONIMIA

A natureza ten os nomes que lle damos as persoas. Somos, pois, nós quen nomeamos. E, ao facérmolo, estámola individualizando e, en certo modo, personalizando, pois cada un de nós recibe igualmente un nome no momento do nacemento. Se a toponimia é importante, tamén ten moita importancia a antroponimia, tanto os nomes propios como os apelidos, con frecuencia vinculados á toponimia, pois moitos deles indican directamente o lugar de procedencia. Os nomes propios son máis efémeros e dependen moito das modas, en canto que os apelidos permanecen na transmisión xeneracional. A ruptura da harmonía entre a toponimia e a antroponimia pode producir situacións esperpénticas: *Juan Villanueva vive en Vilanova, Luís Teijeiro naceu en Teixeiro* ou aquel famoso *Soy Rajoy y voy a Raxoi a una junta de la Xunta*.

A nosa antroponimia presenta tal grao de alteración e deturpación que se converteu nunha das máis estragadas dentro do conxunto dos idiomas romances, afectando de forma moi importante os apelidos e de modo case completo os nomes de pía: *Paio*, por exemplo, tan frecuente noutros tempos, desapareceu practicamente. Se desfigurar ou ignorar propositadamente os nomes ou apelidos é unha maneira de ‘ningunear’, menosprezar ou degradar as persoas («o que di ese señor...», «desculpe que non lembre o seu nome», «como dicía que se chamaba?»), «ese señor de quen non recordo o nome», «Sr. Pereiro» por «Sr. Ferreiro» etc.; mesmo se converteu nunha técnica de baixo estilo e grande eficacia no debate público), deturpar ou traducir como criterio xeral a toponimia e a antroponimia dun país é unha forma moi eficaz de o humillar e colonizar, contribuíndo a anular a súa personalidade histórica. Que ficará dun pobo con historia de seu cando se consiga eliminar toda a topoantroponimia tradicional e se substitúa por outra deturpada ou estranxeirizante?

A preservación do propio nome é un dereito básico. A ninguén se pode privar, contra a súa vontade, do nome e dos apelidos que recibiu de seus pais. Mais iso foi o que historicamente aconteceu na Galiza. Podemos afirmar que tal alteración dos nomes e apelidos das persoas galegas en tempos pasados atentou contra a propia dignidade e contra os dereitos humanos. Se unha persoa se apelidaba *Teixeiro*, por exemplo, a transmutación en *Teijeiro* ou *Tejero* foi un atentado directo contra a súa identidade, pois o apelido é un medio de identificación dun individuo como pertencente a unha familia e a unha comunidade, singularizándoo entre outros moitos; cando nacemos recibimos un nome e uns apelidos que nos converten en seres únicos dentro do universo, como unha nova estrela do firmamento; o propio nome reafirma a nosa personalidade singular; así o cantou o poeta Manuel Antonio (1972: 112):

*EU SON!*

*O meu nome  
acenderá unha estrela nova  
en cada constelación.*

A negación do propio nome é unha forma de degradación da persoa e de anulación da personalidade, rebaixando a súa autoestima e a orixinar complexos de inferioridade. Como se podería cualificar, senón, a situación dunha persoa que se presenta perante a autoridade dicindo que se chama, por exemplo, *Bieito Soutelo* e esta lle di que está equivocado, que o seu nome é *Benito Sotelo*? Casos destes producíronse moitos ao longo dos últimos séculos na Galiza, como logo se verá. A bárbara castelanización, ou en moitos casos pseudocastelanización, dos antropónimos foi imposta na Galiza como consecuencia da xeral imposición dunha lingua allea a partir de fins da Idade Media. Nese proceso de imposición lingüística desprestixiouse o idioma galego e decreceu a autoestima dos galegofalantes, xurdindo mesmo o fenómeno do autoodio. Isto repercutiu tamén nos antropónimos, chegando algunhas persoas a renegaren dos seus apelidos, colaborando na deturpación castelanizadora, ou considerando as formas castelás como signo de distinción social. Isaac Díaz Pardo cóntanos unha curiosa anécdota no seu libro *Galicia hoy*, protagonizada por dous galegos, o arcebispo Leopoldo Eijo Garay e o profesor Santiago Montero Díaz, onde este lle comenta o grave dano que lle causaron ao primeiro cando lle puxeron ese apelido de «Eijo», que faría dudar da súa orixe aristocrática; estas palabras deixaron moi preocupado o arcebispo:

Montero Díaz.-¡Cálmese Don Leopoldo porque la cosa no es para ponerse así! Si Ud. oye decir: ‘el eje del carro’ o ‘o eixo do carro’ Ud. se da cuenta de que están hablando en castellano o en gallego. Pero si Ud. oye decir ‘El eijo del carro’ o ‘o eijo do carro’ Ud. se da cuenta que están hablando en castrapo que es la jerga de los pandorcos; y esta es la canallada que le han hecho a Ud. con el apellido.

Eijo Garay podía dudar de su propia aristocracia pero de lo que no tenía ninguna duda es de la sabiduría de su paisano Santiago Montero Díaz y poco le faltó para desmayarse en la recepción académica acosando a preguntas y máis preguntas al profesor Montero Díaz. Eijo Garay abandonó la recepción antes de que acabase el acto, y en la semana que siguió, nos refirió Montero Díaz, Eijo Garay no hacía más que llamarlo por teléfono preocupado por el tema en busca de una solución ya imposible. Los últimos días, dijo Montero Díaz, daba señales, a través del teléfono de enajenación y decaimiento, hasta que a los 8 días justos de aquella recepción académica se publicó la noticia del fallecimiento de Don Leopoldo (Díaz Pardo 1987: 144).

Seguramente sen chegar a provocar a morte, o feito é que a deturpación e castelanización da antroponimia foi un factor que contribuíu á diminución da autoestima

dos galegos e galegas, á perda de prestixio da lingua do país e ao proceso histórico de submisión resignada á vontade dos alleos.

### 3. O PROCESO DE DETURPACIÓN DOS TOPÓNIMOS

A toponimia galega foi obxecto dun demorado e consciente proceso de castelanización que as autoridades españolas e os seus axentes realizaron ao longo de varios séculos, aínda que en moitos casos a forma auténtica subsistiu. Este proceso de castelanización comezou nunha época temperá (Ferreiro 1997: 51), pois a finais do século XII e comezos do XIII xa se documentan casos de traducións ou adaptacións en documentos en castelán, como *Venero* por *Vieiro* ou *Villamaior* e *Puebla de Hortiguera*; nos séculos XIV e XV aparecen cada vez con máis frecuencia na documentación en castelán as traducións totais (*Vivero*, *Valle d'Oro*, *Riberas de Minno*, *Cellero*, *Orense*, *Ribero d'Avia*, *Mellid*, *La Franquera*, *Rubianes*, *Lorido*, *Loredo*, *Salvatierra*, *Morente* ou *Olivera*) ou parciais, con formas híbridas do tipo de *Riberas do Minno* ou *Vale d'Oro*; seguindo esta vía, non tardarán en aparecer os disparates como *Juan Rozo* por *Xanrozo* (probabelmente do lat. *GENEROSU*), que figura nas *Memorias* do Cardeal Jerónimo del Hoyo, de 1606 (Santamarina 1988: 89).

A causa deste proceso de substitución está no feito de o castelán ser a lingua da Chancelaría Real e de a comunicación desta cos administrados se realizar nesa lingua, de modo que por esa vía comezan a chegar á Galiza medieval monolingüe en galego textos en castelán que traducen os topónimos. No entanto, o feito de unha determinada forma toponímica galega aparecer traducida para o castelán nun documento elaborado en castelán na Corte de Castela non demostra a lexitimidade da forma traducida, senón tan só o pouco respecto que aquela tivo polo galego ou o afán imperialista de acabar con el. Durante os séculos XIII, XIV e XV a documentación elaborada na Galiza facíase moi maioritariamente en galego, para alén dos casos en que aínda se utilizaba o latín, e coa toponimia correspondente na lingua do país, como non podía ser doutra maneira; os poucos documentos que aparecen en castelán proceden sen excepción da Chancelaría Real (Monteagudo 1985). Como poden, entón, estes escasos textos foráneos fixar as bases para o establecemento da toponimia galega oficial? Poderían uns documentos enviados de París á Corte castelá condicionaren a opción toponímica de Castela? Cando a Galiza pasou a ser rexida por xentes foráneas traídas principalmente de Castela, en especial a partir do reinado dos Reis Católicos, entón comezou a se impor o castelán como lingua do poder, converténdose tamén na lingua dos documentos producidos, agora si, na Galiza. Desta forma explica Sarmiento a substitución do galego polo castelán:

En tiempos de los Reyes católicos se incorporaron los Maestrazgos de las Órdenes Militares en la Corona. Sucedió la reforma de los monjes negros; y la de los monjes blancos había precedido en el año 1440. Con esta ocasión se inundó Galicia de hombres no gallegos y

castellanos: merinos, jueces, escribanos, curas de almas etc. eran provisiones de castellanos y apenas se daba algún empleo a gallegos naturales. Claro está que ninguno de esos empleos podía actuar en el idioma gallego ni entender lo actuado. Hermanos, sobrinos, primos, parientes y criados de los presenteros cargaban con todos los empleos y casi al tiempo se introdujo la Audiencia en la Coruña y con eso aumentó el número de los que en Galicia ni hablaban ni entendían gallego y así se introdujo el abuso de escribir y actuar en castellano (en Santamarina 1988: 88-89).

Curiosa e felizmente, salváronse da castelanización aqueles topónimos que deixaron de ser nomes comúns ou que carecían de trazos que os identificaban como galegos, caso de *Lugo*, *Mondoñedo*, *Vigo*, *Cambados*, *Castro*, *Guitiriz* etc.; tamén mantiveron sempre a forma galega outros como *Monfero*, *Riotorto*, *Mosteiro*, *Saavedra*, *Vilaboa*, *Vilachá* ou *Pousada* etc. Nos demais casos a castelanización levouse a cabo de diferentes modos (Santamarina 1988: 90-92, Ferreiro 1997: 52-53):

- a) por tradución completa do topónimo: *A Pontenova* vs. *\*Puentenuevo*, *As Nogais* vs. *\*Los Nogales*, *Maceda* vs. *\*Manzaneda*, *Ourense* vs. *\*Orense*, *Soutomaior* vs. *\*Sotomayor*, *Vilanova* vs. *\*Villanueva*, etc.
- b) por tradución parcial, normalmente do primeiro elemento cando este é unha forma substantiva facilmente recoñecíbel, a xerar con frecuencia híbridos aberrantes: *Pedrafita* vs. *\*Piedrafita*, *Póboa do Caramiñal* vs. *\*Puebla del Caramiñal*, *Pontearreas* vs. *\*Puentearearas* vs. *\*Puenteáreas*, *Vilalonga* vs. *\*Villalonga*, *Vilar de Donas* vs. *\*Villar de Donas*, *Vilamor* vs. *\*Villamor* vs. *\*Villamayor*, etc.
- c) por tradución do artigo toponímico: *A Coruña* vs. *\*La Coruña*, *A Devesa* vs. *\*La Devesa* vs. *\*La Debesa* (cf. esp. *dehesa*), *O Carballo* vs. *\*El Carballo* (cf. esp. *roble* ou dial. *carvajo*), *O Seixo* e *O Seixal* vs. *\*El Seijo* e *\*El Seijal* (cf. esp. *guijarro*), *O Freixo* vs. *\*El Freijo* (cf. esp. *fresno*), *A Estrada* vs. *\*La Estrada*, *A Rúa* vs. *\*La Rúa*, etc.
- d) por reconversión gráfico-fónica mediante ‘regras’ de equivalencia semellantes ás que actúan na xeración de pseudogaleguismos (por exemplo, gal. *ei* > cast. *e*, gal. *ou* > cast. *o*, gal. *x* > cast. *j*, gal. *n* > cast. *ñ* etc.): *Cabanas* vs. *\*Cabañas*, *Carballiño* vs. *\*Carballino*, *Irixoa* vs. *\*Irijoa*, *Lourenzá* vs. *\*Lorenzana*, *Ourol* vs. *\*Orol*, *Toxal* vs. *\*Tojal*, *Veiga* vs. *\*Vega*, *Xunqueira* vs. *\*Junquera*, etc.; débese ter en conta que no caso de <x/j> aténdese ao valor fónico que representan estas grafías na norma oficial actual galega e española e non ao valor histórico de <j> en galego.
- e) por adaptación fonético-morfolóxica de sufixos e terminacións: *Fontaos* vs. *\*Fontanes*, *Goiáns* vs. *\*Goyanes*, *Melide* vs. *\*Mellid*, *Orxás* vs. *\*Orjales*, *Rebordaos* vs. *\*Rebordanes*.

Seguindo estas vías de deturpación toponímica xeráronse multitude de formas aberrantes tanto do punto de vista lingüístico como cultural e social, a apareceren falsas interpretacións (*Rúa dos Alcabaleiros* convertida en *\*Calle Caballeros*), formas caprichosas (*Poxigo* mudado en *\*Pejigo*) ou formas inventadas (o comentado *Xanrozo* vs. *\*Juan Rozo* ou *Xanceda*, do lat. SALICETA, transformado en *\*Juanceda*, por non acadarmos ao tan citado *Niño d'Agua* vs. *\*Niño de la Guía*), todas elas constitutivas dun «atentado á integridade lingüístico-cultural galega» (Ferreiro 1997: 53) e máis unha mostra de 'feísmo' que debería avergoñar os responsábeis da súa utilización e, máis aínda, que debía facer arroiabar os culpábeis da permanencia do seu uso na actualidade. Será posíbel que aínda exista na Coruña unha avenida de *Arteijo* ou unha calle/rúa *Riego de Agua*? Por non citarmos híbridos como *Cancela de Afuera*, *Castiñeiras de Abajo* ou *Callejón del Palleiro* na mesma cidade.

Xa no ano 1934 o escritor Xosé Ramón Fernández-Oxea lle dirixiu unha carta ao Presidente da Real Academia Galega para lle demandar que esta interviñese para corrixir a bárbara castellanización da nosa toponimia, demanda asumida tamén polo *Heraldo de Galicia*, que acrecenta:

Os 'señoritos' castellanizantes dunha banda e doutra os funcionarios do Estado, a Provincia e o Municipio, entraron como hordas de tártaros no nomenclátor de Galiza e non deixaron pedra con pedra.

Por miragre, Pontevedra non é xa 'Puntevedra' e Taboadela non se convertiu aínda en 'Tablilla' ou 'Tabloncillo', e, por miragre tamén, Punteareas se contentan con trocarse no anfíbio Punteareas e non chegou a Punteareanas.

Mais temos en troques un Sejalvo (por Seixalvo) que quita a cabeza e unhas Cunjeiras enternecedoras, un Sejomil capaz de satisfacer ao idiota máis eisixente, un Cillero que non significa ren e no que é imposíbel recoñecer ao eufórico Celeiro, etc., etc.

Se as aseñorizadas xentes galegas do século pasado se tiveran proposto poñerse en ridículo con plena conciencia, non o farían mellor. Non satisfeitas con desprezar os cantos, os bailes, o idioma, trataron de borrar, en colaboración cos empregados do centralismo, hasta as inofensivas toponimias (publicado pol' *A Nosa Terra*, 15-9-1934, e recollido en Sanmartín Rei 1997: 80-82).

Por unha parte, houbo topónimos que conviviron durante moito tempo con dúas formas, unha a 'oficial' ou escrita, a que figura no nomenclátor, como *Villanueva*, e outra tradicional usada pola xente, que dicía *Vilanova*. E por outra parte, hai tamén numerosos casos en que a forma 'oficial' terminou por eliminar a forma tradicional despois de séculos de uso, como pode ser o caso de *Puebla del Caramiñal* (Boullón Agrelo 1992), *Villalba* ou *Manzaneda*, «que no galego documental eran *A Pobra* (ou *Proba*) *do Daián*, *Vilalba* ou *Maceda*» (Santamarina 1988: 95). Aínda aconteceu que moitos falantes acabaron por achar normal a coexistencia de dúas denominacións, a oficial utilizada en calquera tipo de escritos ou documentos e a tradicional da fala, producíndose unha curiosa inversión da



verdade histórica na mentalidade dos utentes do idioma: consideran correcta a forma escrita e deturpada a lexítima e tradicional («Aquí chamámoslle *Sampaio*, ou *San Fiz*, mais o nome propio é *San Pelayo*, ou *San Félix*», di a xente). Isto levou Santamarina (1988: 95) a afirmar:

A deslealdade cara ó propio idioma chega ás veces a adquirir caracteres grotescos como é o caso do alcalde de *Pobra do Caramiñal* que, en contra das evidencias filolóxicas decidiu que o 'seu' concello debía chamarse *La Puebla del Caramiñal* e mesmo organizou un referendo popular no que a súa proposta venceu abrumadoramente. Rechazos semellantes producíronse tamén por parte doutros alcaldes (*Fisterra*, *Ordes*, *Pobra de Trives*, *Pobra de Brollón* etc.).

Resulta evidente que nin tan sequera o voto popular pode outorgar carta de lexitimidade filolóxico-científica a formas híbridas, a falsificacións históricas ou a deturpacións lingüísticas. Mais tamén debemos ter en conta que os topónimos galegos actualmente oficiais foron sancionados polo voto popular a través dos seus representantes no Parlamento e por decisión do goberno saído das urnas. E neste asunto parece lóxico que debe prevalecer o criterio do corpo electoral galego no seu conxunto, reflectido nos correspondentes órganos de representación popular, sobre o particular dunha localidade, que pode obedecer a razóns conxunturais ou caprichosas derivadas dunha circunstancia temporal moi concreta e, por tanto, efémera.

En síntese, para recuperarmos plenamente a nosa identidade como galegos e galegas e mesmo para a recuperación da nosa dignidade individual e colectiva resulta fundamental a restauración da toponimia e da antroponimia galegas na súa forma correcta, desbotando definitivamente aquelas deturpacións onomásticas que nos mostran os estigmas da colonización lingüística castelá e que atentan non só contra a nosa historia e contra o noso idioma, senón tamén contra o sentido común e mesmo en moitos casos contra o bo gusto.

#### 4. A CASTELANIZACIÓN E DEFORMACIÓN ANTROPONÍMICA

O proceso de deturpación dos antropónimos galegos desenvolveuse, igual que o dos topónimos, como consecuencia da imposición dunha lingua allea e do desprestixio da propia, e co obxectivo de proceder á súa castelanización para desa forma borrar as marcas máis visíbeis da existencia dunha comunidade con lingua e cultura de seu. Tal finalidade produciu nuns casos, con efecto, a castelanización da forma galega (*Huerta* por *Horta*, *Puente* por *Ponte*, *de la Fuente* por *da Fonte* etc.), mais noutros moitos casos o que se conseguiu foi a simple deformación pseudocastelanizadora da forma lexítima (*Teijeiro*, *Ameijeiras*) ou a bárbara hibridación (*Carvajal*). A castelanización é, pois, o obxectivo, mais non sempre se logra, tanto por dificultades propiamente lingüísticas como pola ignorancia dos axentes deturpadores. Estes poden ser as autoridades estatais ou as eclesiásticas, pois, como afirma Lema Suárez (1991: 123), moitas veces foi suficiente

coa simple decisión unilateral do escribán ou crego correspondente para mudarlle a un labrego o seu nome ou apelido xenuinamente galego por outro equivalente castelán. Os autóctonos Paios foron facéndolle un sitio ós espúreos Pelaios e Pelayos, o Domingos perde o -s final, e os Albertes vanse arredondando en Alberto. Esta alternancia inicial, precedesora da decidida castelanización, mesmo se dá adoito nun mesmo documento e con escasas liñas de separación entre as formas en liza, como se pode observar nun documento de 1783 (*Libro de la Cofradía del Sacramento de S. Miguel de Treos, 1766-1851*, f<sup>o</sup> 28, a<sup>o</sup>) no que tan só cinco liñas separa a Patricio de Outeiro do ‘reconvertido’ Patricio de Otero. Bastantes anos antes, un vicecura escribe, contra 1724, Joseph de Villarino, cando uns folios atrás figuraba esta mesma persoa coma José de Vilariño. E certo individuo pasou dun ano a outro de se chamar Baltasar de Vilanova a ser Baltasar de Villanueva.

De forma semellante ao que aconteceu coa toponimia, a deturpación dos nomes de pía comezou en época temperá, coincidindo coa penetración do castelán na Galiza. No século XVII «a castelanización dos nomes propios galegos xa estaba bastante desenvolvida» (Lema Suárez 1993: 126). Mais, aínda así, «moitos dos nomes galegos ou con formas galeguizadas seguíronse consevando nos documentos –a pesar de que estes xa se redactaban por completo en castelán– ó longo dos séculos XVI, XVII, XVIII e mesmo XIX» e, especialmente no referente aos apelidos, «non se conseguiu desgaleguizalos ou acastrapalos ata ben entrado o séc. XIX, na meirande parte dos casos» (Lema Suárez 1991: 122-123).

Na castelanización dos apelidos seguíronse as mesmas pautas que na toponimia, coas correspondentes equivalencias e/ou traducións: *Souto* → \**Soto*, *Outeiro* → \**Otero*, *Montouto* → \**Montoto*, *Salgueiro* → \**Salguero*, *Cabaleiro* → \**Caballero*. Tamén se produciron numerosos híbridos: *Carballo* → \**Carvajo*, *Soutelo* → \**Sotelo*. Así mesmo, a alteración deturpadora dos apelidos galegos (Ferreiro 1997: 54-55) afectou os formados por un sintagma composto de preposición *de* + artigo + substantivo mediante a falsa segmentación da contracción da preposición co artigo (*da Ponte* → \**De Aponte*, *da Cuña* → \**De Acuña*), mediante a eliminación da preposición con aglutinación do artigo ao substantivo (*do Campo* → \**Ocampo*, *do Pazo* → \**Opazo*), mediante a crase total dos dous compoñentes (*do Outeiro* → \**Douterelo*), mediante a eliminación da preposición e o artigo (*do Outeiro* → \**Outeiro* ou \**Otero*, *do Barro* → \**Barro*) ou pola simple tradución (*da Fonte* → \**de la Fuente*).

Moitos dos nosos apelidos foron deturpados aínda a finais do século XIX, cando se xeneraliza a inscrición nos rexistros civís, por un funcionariado castelanizado que normalmente era analfabeto en lingua galega e que cometeu auténticas barbaridades no desempeño do seu labor, con interferencias da ortografía castelá e tendo tamén en conta a ausencia naquela altura dun estándar culto do galego. Como imos, entón, dar por válido agora un procedemento corrompido desde o inicio? Hai que outorgar carta de natureza a unha aberración histórica pola simple razón de que xa está feita? De ningunha maneira. Felizmente, grazas tamén á batalla dada no Congreso polos deputados nacionalistas galegos, comprometidos coa lingua, hoxe é posíbel restaurarmos os nosos nomes e apelidos, xa sen proble-

mas legais que o impidan. Non se debería, pois, repetir nunca máis aquela lamentábel situación, contada por Lesta Meis nun breve artigo publicado n'*A Nosa Terra* no ano 1924, e que tantas veces se debeu repetir en diferentes lugares do país, cando unha señora chega a un xulgado dicindo que se chama 'Fulana Meixide' e o funcionario lle altera o apelido:

-Usted se llamará Fulana Meigide.

-Non, señor, que son Meixide.

Intervín eu falando no mesmo idioma que a muller: O apelido Meixide é un apelido galego moi corrente. Supoño que neste libro haberá moitos máis. Contestoume o bo do home que alí non se podía poñer Meixide, porque esta palabra non é castelán. E eu saílle con esto: '¿E se vén un inglés ou francés a apuntar aquí un fillo vostede que fai: pon os apelidos que lle dean ou castelanizaos? Respondeume que era cousa distinta (en Sanmartín Rei 1997: 78).

Cada un de nós ten hoxe a oportunidade e a responsabilidade individual, xa sen impedimentos legais, de recuperar para si propio e para os seus familiares máis próximos a forma auténtica do seu nome e apelidos, contribuíndo desa maneira a devolver ao país esa parte de identidade colectiva perdida, e a acrecentar de paso a propia autoestima e o grao de satisfacción con un mesmo. Así como a restauración toponímica é unha competencia e unha responsabilidade dos poderes públicos, a restauración antroponímica depende directamente da vontade individual; mais tamén debemos ter en conta que os cargos institucionais son elixidos por todos nós e que, por tanto, nós podemos sancionar positivamente ou censurar o seu comportamento no referente a este tema.

Todas aquelas persoas que teñen un nome ou apelido deturpado e que realizan os trámites para a corrección desa anomalía, están contribuíndo a restabelecer o equilibrio eco-lingüístico necesario para a colectividade e para si propias. A recuperación da forma galega auténtica non só non dá problemas, senón que evita moitos, se se quixer usar habitualmente, para alén da propia satisfacción persoal de ver corrixida unha desviación histórica e de recuperar unha denominación que nos reconcilia coas nosas propias raíces e cos nosos antepasados.

## 5. A TOPONIMIA NA CIDADE DA CORUÑA

Se a riqueza de topónimos é grande en toda a Galiza, tamén na cidade da Coruña acontece o mesmo. Porén, pódese afirmar que a situación xeral de abandono en que se acha a nosa toponimia, e en especial a microtoponimia, aínda é maior nesta cidade que no resto do país, debido á desidia das autoridades locais. En canto que nalgúns concellos, mesmo moi modestos, se están a facer grandes esforzos para a recuperación da toponimia tradicional, aquí déixase esta totalmente abandonada e permítese en ocasións que sexan as construtoras privadas as que a substitúan por nomes como *Urbanización Soto* ou *Los Rosales*, que nada teñen que ver coa historia do lugar en que se achan situados.

Para un breve repaso da situación dos topónimos na cidade convén termos en conta que até o ano 1912 o concello da Coruña terminaba aproximadamente no que hoxe é a Ronda de Nelle. O resto pertencía ao concello de Oza, organizado en catro freguesías: San Pedro de Visma, San Cristovo das Viñas, San Vicente de Elviña e Santa María de Oza. Así nos podemos explicar a existencia de barrios tradicionalmente considerados ‘periféricos’ ou que nunca se sentiron como parte real da cidade, como *Visma, A Silva, Cances, A Moura, Bens, San Cristovo, Monelos, Eiris* etc. Este concello, fundamentalmente rural e que fornecía produtos agrícolas á Coruña, estaba organizado demograficamente en varios núcleos de poboación, todos eles lugares ou aldeas cunha rica microtoponimia, agredida desde hai tempo e hoxe dunha maneira especial. Un caso singular é o xa aludido da zona de Elviña e A Zapateira, onde se substituíron nomes tradicionais como *Augaceiros, O Escorial* ou *Monte do Crego* por nomes de cidades como *Glasgow, Amberes* ou *París*, deixando desaparecer outros tan sonoros e fermosos como *As Mariñas Douradas*, onde hoxe se sitúa o campus universitario de Elviña.

No entanto, podemos diferenciar varios estados de conservación dos topónimos da cidade:

- a) topónimos consolidados que non semella correren risco de desaparición, pois normalmente corresponden a nomes de barrios: *Monelos, Eiris, Cances, A Silva* etc.
- b) topónimos en perigo de desaparición, como *A Gouxa, As Eiriñas, O Hortelo, Loureiro, A Gramela, O Corralón, As Regas* etc.
- c) topónimos deliberadamente substituídos por outros, como *Garás* (actual Linares Rivas), *Campo da Leña* (hoxe Praza de España), *Camiño Novo* (hoxe Juan Flórez) etc.
- d) topónimos deturpados, como a citada rúa *Alcabaleiros* (que eran os encargados de cobraren as *alcabalas* ou impostos para os produtos que entraban na cidade), transformada en calle/rúa *Caballeros*, ou a rúa *Rego de Auga*, oficialmente *Riego de Agua*.
- e) topónimos que designaban lugares, aldeas ou casais, moitos deles desaparecidos baixo a férula dos polígonos industriais que circundan a cidade, como é o caso do polígono da Agrela-Bens: *Amarredonda, As Torres das Vellas, A Ramalleira, A Agra de Cances, Gatón, O Regueiro, As Cortiñas, A Fortaleza, Marzán, A Agra dos Mallos* etc. Outros como *Horta de Espiñeira, A Laxe* ou *O Rueiro* no bairro de Labañou e San Roque só perviven parcialmente entre a xente de maior idade. Na *Sagrada Familia* esta denominación arrasou con outras como *Infesta*.

Aínda se podería sinalar outro caso de inadecuación na extensión do uso dun topónimo: chámase *Polígono de Elviña* a un sitio que está fóra de Elviña (só a aldea do campus); utilízase a fórmula *Agrela-Bens* (ou erradamente *A Grela-Bens*) cando *Agrela*

(diminutivo de *agra*), era unha agra pequena ao lado esquerdo da Avenida de Fisterra e *Bens* dista dous quilómetros dese sitio; *Nelle* era un lugar entre Vioño e os Mallos, e *Outeiro* era outro lugar ao carón de Vioño; a *Agra do Orzán* tampouco se correspondía coa situación actual.

## 6. O TOPÓNIMO A CORUÑA

Finalmente, faremos só unhas breves consideracións sobre a denominación oficial da cidade da Coruña, atendendo aos criterios filolóxico e legal. Do punto de vista filolóxico a forma do topónimo é *Cruña*, procedente da forma prerromana CLUNIA, documentada así na *Crónica Troiana* (século XIV) e en diversos documentos galegos dos séculos XIII ou XV (véxase, por exemplo, Maia 1997: 28). Con anterioridade ao século XII o lugar figura documentado como *Faro* e *Burgo do Faro*; no *Códice Calixtino*, manuscrito en latín do século XII, aparece a forma *Crunia*. Posteriormente vai aparecer a forma con epéntese *Coruña*, que se converteu en habitual na actualidade. Mais aínda nos autores decimonónicos era moi frecuente *Cruña*. Canto ao artigo, é unha norma universalmente aceptada que, cando se fixa o seu uso diante dun topónimo, pasa a formar parte integral deste: *La Rochelle*, *Den Hagen*, *Las Palmas*, *Los Ángeles*, *El Paso* etc. Como *Cruña* e *Coruña* son formas galegas, tal artigo non pode ser outro máis que *A*. Así o demostran tamén outros topónimos existentes na propia cidade: *A Gaiteira*, *A Cubela*, *A Moura*, *A Palloza*, *As Lagoas*, *A Sardiñeira*, *A Silva*, *A Zapateira* etc. Ou tamén habería que admitir formas híbridas (e ridículas) co artigo en español e o substantivo en galego como *La Moura*, *La Silva*, *Las Lagoas* ou *La Zapateira*? Ou, o que lingüísticamente sería máis coherente, aínda que socialmente máis aberrante e incomprensíbel, a tradución completa do topónimo, do tipo de *La Mora*, *La Zarza*, *Las Lagunas* ou *La Zapatera*? De seguirmos este modelo, como se podería traducir a forma *A Coruña* ao castelán cando aínda descoñecemos con certeza o seu significado real? En síntese, *A Coruña* é un topónimo, do punto de vista filolóxico, tan galego como o dos concellos que a circundan, *Arteixo*, *Culleredo* ou *Oleiros*, ou doutras localidades próximas como *O Carballo*, que tamén se desnaturalizou en tempos pasados no híbrido *\*El Carballo*, cando a súa tradución ao español debería ser *\*El Roble* ou *\*El Carvajo*. Mais, felizmente, a forma oficial actual fica restabelecida na única filoloxicamente correcta, co artigo e o substantivo en galego, como é o caso da cidade do seu contorno próximo.

Desde a perspectiva legal, o artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística, aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, establece que os topónimos da Galiza «terán como única forma oficial a galega». Correspóndelle á Xunta da Galiza a decisión final da forma dos topónimos, segundo o artigo 10.2 da mesma lei, previo informe da Comisión de Toponimia, constituída por expertos na materia designados pola propia Xunta. De acordo con este informe o goberno galego oficializou *A Coruña* por medio do Decreto 146/84, do 27 de setembro, única forma oficial ratificada por sentenzas do Tribunal Supe-

rior de Xustiza da Galiza, polo Tribunal Supremo e polo Tribunal Constitucional. Así mesmo, o Parlamento español, co voto favorábel de todos os seus membros presentes, aprobou a denominación *A Coruña* para a provincia. Por tanto, a única forma oficial é *A Coruña* «por unanimidade» (Monge 2003: 97-99).

#### REFERENCIAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1992): «A Pobra do Caramiñal: perspectiva lingüística», in *As razóns dun nome: Pobra do Caramiñal* (Concello de Pobra do Caramiñal, 5-13).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1996): «Descendentes galegos de *Iohannes*», in *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta* (Santiago de Compostela: Universidade, 377-392).
- Castro, Rosalía (1863): *Cantares gallegos* (Vigo: Imp. de D. Juan Compañel).
- Díaz Pardo, Isaac (1987): *Galicia hoy y el resto del mundo* (Sada-A Coruña: Edición do Castro).
- Ferreiro, Manuel (1997): *Gramática histórica galega II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Lema Suárez, Xosé María (1991): «Interferencias lingüísticas do galego no castelán de Galicia dos séculos escuros. Algunhas calas nunha comarca rural: a Terra de Soneira». *Cadernos de Lingua* 3, 111-133.
- Lema Suárez, Xosé María (1993): «Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)». *Cadernos de Lingua* 8, 117-134.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português* (Coimbra: INIC).
- Manoel-Antonio (1972): *Poesías* (Vigo: Galaxia).
- Monge, Manuel (2003): *A Coruña de Paco Vázquez* (Vigo: A Nosa Terra).
- Monteagudo, Henrique (1985): «Aspectos sociolingüísticos do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia». *Revista de Administración Galega* 1, 85-108.
- Novoneyra, Uxío (1985): *Os eidos. Libro do Courel* (Vigo: Xerais).
- Sanmartín Rei, Goretti (1997) (ed.): *Prosa didáctica (1916-1936). Antoloxía (A Nosa Literatura 26)* (Vigo: AS-PG & A Nosa Terra).
- Santamarina, Antón (1988): «Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega», in Dieter Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário* (Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 87-96).